



Nº Expediente: 2017/C005/000003

Asunto: Contratación de AMPLIACIÓN DO ALUMADO NO PASEO DA MAGDALENA. PAS 2015

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (REFERENCIAS TÉCNICAS) DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra/Subministro: AMPLIACIÓN DO ALUMADO NO PASEO DA MAGDALENA. PAS 2015

Importe de licitación: 32.743,15 € IVE incluído (Prezo sen IVE 27.060,45 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do martes 9 de maio de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar o contrato anteriormente citado.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "AMPLIACIÓN DO ALUMADO NO PASEO DA MAGDALENA. PAS 2015", as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
HALLMANN ENERGIE, S.L.	03/05/17	2289	Sobres A, B e C
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS	05/05/17	2376	Sobres A, B e C

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres A, que fan referencia á "Documentación administrativa", resultando o seguinte:



- A documentación presentada polo licitador JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS está incompleta: non presenta a documentación técnica (sobre B) en formato dixital con firma electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 10.2).

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "B" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

- 1.- Requirir a José Luis Martínez Rivas para que no prazo máximo de **3 días hábiles** presente a documentación técnica en formato dixital, en PDF ou outro formato de libre lectura, con sinatura electrónica, tal como se establece no Prego de cláusulas administrativas (cláusula 10.2).
- 2.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".
- 3.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".
- 4.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:15 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.